SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Programación e desenvolvemento estratéxico

CÓDIGO DE01 ÍNDICE 05

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura 22/02/2022	Data e sinatura 06/04/2022	Data e sinatura 06/04/2022

Proceso

Programación e desenvolvemento estratéxico

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación dos procedementos (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGC dos centros.
01-03	2008-2012	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros no ámbito dos seus SGC baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación do deseño remitidos pola ACSUG.
04	03/11/2014	Área de Calidade	Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura; novos contidos. Integra e substitúe o procedemento: • DE01-PR01 « Planificación e desenvolvemento estratéxico » do sistema de calidade no ámbito de xestión. Modificación do título e do código: pasa de PE01 a DE01 P1 « Planificación e desenvolvemento estratéxico ». Consideración dos informes finais da auditoría de certificación da implantación do sistema de garantía de calidade da convocatoria 2013/2014 no relativo á definición e ao seguimento dos obxectivos de calidade dos centros.
05	22/02/2022	Área de Calidade	Actualización do procedemento. Adaptación do procedemento as actuacións no ámbito de centro. Modificación do título: pasa a " Programación e desenvolvemento estratéxico"

Índice

I Obxecto 4

II Alcance 4

III Referencias 4

IV Desenvolvemento 6

V Anexos 9

I OBXECTO

Establecer a sistemática ou dinámica no centro que permite organizar, despregar e avaliar de forma axeitada a estratexia en liña coa institución, de forma que constitúa un soporte para definir a política e os obxectivos de calidade propios do centro e as súas titulacións cunha orientación cara o futuro.

II ALCANCE

O alcance do procedemento esténdese a os centros e as titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade de Vigo, no marco do seu Sistema de Calidade e de acordo ás súas particulares características, resultados e valores.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

- Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026
- Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*.

III.2. Definicións

- Estratexia: plan estruturado para acadar os obxectivos (UNE-EN ISO 9000).

- Misión: descrición de por qué existe unha organización.(Norma UNE-EN ISO 9004)

- Planificación da calidade: parte da xestión de calidade enfocada ao establecemento dos obxectivos de calidade e á especificación dos procesos operativos necesarios e dos recursos relacionados para cumprir os obxectivos de calidade.(Norma UNE-EN ISO 9000)

- Plan estratéxico: programa de actuación que procura orientar organizadamente as actividades [da Universidade de Vigo], de acordo coas súas propias capacidades e coas necesidades sociais. (Plan estratéxico da Universidade de Vigo)

- Plan operativo: plan estratéxico funcional para desenvolver e facer operativa a estratexia [da Universidade de Vigo] nun ámbito.(Plan operativo de xestión da Universidade de Vigo)

- Política de calidade: intencións globais e orientación dunha organización relativas á calidade tal como se expresan formalmente pola alta dirección. Nota: xeralmente a política de calidade é coherente coa política global da organización e proporciona un marco de referencia para establecer os obxectivos da calidade. (Norma UNE-EN ISO 9000)

- Obxectivos de calidade: algo ambicionado ou pretendido, relacionado coa calidade. Nota: os obxectivos da calidade xeralmente baséanse na política de calidade da organización. (Norma UNE-EN ISO 9000)

- Organización: conxunto de persoas e instalacións cunha disposición de responsabilidades, autoridades e relacións.(Norma UNE-EN ISO 9000))

- Visión: descrición do estado desexado dunha organización, é dicir, do que quere ser a organización e como quere que a vexan as partes interesadas.(Norma UNE-EN ISO 9004) .A visión ou a intención estratéxica é o estado futuro desexado pola organización. Trátase da aspiración ao redor da que se intenta centrar a atención e as enerxías dos membros da organización

III.3. Abreviaturas e siglas

- SGC: sistema de garantía de calidade

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

A planificación e o desenvolvemento estratéxico permiten determinar, formalizar e desenvolver a política, a través das liñas estratéxicas, co fin de acadar os obxectivos previstos.

IV.2. Responsable do proceso

Institucional: Equipo Reitoral


Centro: Decanato ou Dirección

IV.3. Indicadores


Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento DE02 P1 Procedemento para o seguimento e medición.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

IV.4. Diagrama de fluxo



II. Análise estratéxico e deseño do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro



V ANEXOS

Documentos

Denominación	Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Revisión
Política e Obxectivos de Calidade	Electrónico	Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade do Centro	Anual

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1-DE01 P1	Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro	Electrónico	Aplicación do SGC-Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos

Programa de Desenvolvemento Estratéxico
Facultade/ Escola de .....

Período de validez do Programa: 2022-2026

Índice

Presentación 2
Participantes 3
Antecedentes 4
Diagnose da situación do centro e as titulacións 5
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa 6

Presentación

A ter en conta para a elaborar a presentación do Programa de Desenvolvemento estratéxico do Centro

1. Debe incluír unha declaración do Equipo Decanal/Directivo no que se manifesta o compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua do centro e a titulación e a importancia da posta en marcha dunha estratexia abordada de forma participativa e colaborativa tendo en conta a contorna do centro e os principais retos cara o futuro.
2. Debe facer referencia á estrutura xeral do programa así como calquer aspecto relevante en torno á posta en marcha de este programa que se queira salientar

Participantes

A ter en conta para a elaborar este apartado do programa de desenvolvemento estratéxico do centro

1. Como se detalla no procedemento DE-01, o proceso de a elaboración do programa de desenvolvemento estratéxico do centro debe ser participativo, contando con representantes de tódolos grupos de interese do centro.
2. Neste apartado recollerase os nomes das persoas que participaron e/ou participan no proceso de deseño e posta en marcha do programa de desenvolvemento estratéxico do centro (indicando os seus cargos ou funcións). Supón unha visibilización das persoas que contribuíron a establecer a proposta estratéxica do centro concretada na política e obxectivos de calidade.

Antecedentes

A ter en conta para a elaborar este apartado do programa de desenvolvemento estratéxico do centro

1. Neste apartado recolleranse de forma breve os distintos procesos estratéxicos ou fitos relevantes que forman parte do pasado e que serven de punto de partida ou referente para o establecemento deste programa de desenvolvemento estratéxico.
2. Supón facer un breve percorrido polas principais decisións estratéxicas levadas a cabo con anterioridade no centro/ titulacións e que explican mellor a actual situación e axudan a situar o proceso actual no marco axeitado.

Diagnose da situación do centro e as titulacións

Dimensión Interna

Debilidades *(Fan referencia ás carencias que presenta o centro ou a titulación ou aquelas dimensión na que se sitúa a nivel inferior respecto dun referente que se toma como modelo)*	Fortalezas *(Engloban ás capacidades, recursos, accións, etc que fai posible que o centro/ título acade uns resultados óptimos. As fortalezas son as vantaxes coas que contamos para acadar os obxectivos estratéxicos)*
1.	**1.**
2.	**2.**
3.	**3.**
4.	**4.**
…	…

Contorna externa

Ameazas *(Teñen que ver cos obstáculos que atopamos na consecución dos nosos obxectivos. Inciden nos nosos resultados. É importante identificar as ameazas con antelación para poder adiantar mecanismos que nos permitan evitalas ou minimizalas)*	Oportunidades *(Representan unha ocasión para a mellora no centro e/ou nas titulacións. Poden estar asociadas a innovacións ou cambios que poden supoñer unha ocasión para o avance, a mellora e mesmo a excelencia)*
1.	**1.**
2.	**2.**
3.	**3.**
4.	**4.**
..	…

A ter en conta para a elaborar este apartado do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro

1. Para levar a cabo a diagnose de necesidades e expectativas e determinar a situación do centro/titulacións na contorna e mesmo no marco interno da institución, é preciso realizar unha análise detida. Ista suporá o punto de partida para a determinación da estratexia do centro e das súas titulacións.
2. A modo de exemplo para levar a acabo esta diagnose, preséntase unha matriz para realizar unha análise DAFO, no en tanto, o centro, poderá empregar as ferramentas ou metodoloxías que considere máis axeitadas.

*Misión, Visión e Liñas estratéxicas

Misión: Describe a razón de ser do centro, as actividades que leva a cabo para acadar o seu propósito como institución. Enfócase no presente.

Visión: Avanza o resultado que se pretende acadar no medio, longo prazo. Describe a realidade que se pretende consolidar. Describe unha expectativa que guía e motiva ao grupo no desenvolvemento da súa actividade. Oriéntase cara ao futuro.

A ter en conta para a elaborar este apartado do programa de desenvolvemento estratéxico do Centro

1. Tras o análise diagnóstico levado a cabo no apartado anterior, o centro pode determinar a súa misión e visión ou directamente establecer as liñas estratéxicas que logo se despregan en liñas estratéxicas, obxectivos e metas de calidade..
2. As liñas estratéxicas deben desenvolverse no marco global institucional determinado polo Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026.
3. Debe haber total coherencia coa Política e Obxectivos de Calidade que se recollen nun documento separado no que ademais se concretas as metas

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
Formación	**Obxectivo 1.** Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna	Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo	Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos mais relevantes manténdoos baixo umbrais apropiados x
Investigación	x	x	x
Persoas	**Obxectivo 24.** Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria	Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese
Organización e recursos			
Relación coa sociedade			

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa

A ter en conta para a elaborar este apartado do programa de desenvolvemento estratéxico do centro

1. Recollerase de xeito esquemático a metodoloxía levada a cabo para o deseño do programa de desenvolvemento estratéxico
2. Presentarase un esquema coas fases percorridas ata a aprobación e difusión do programa de desenvolvemento estratéxico

Política e Obxectivos de Calidade da Facultade/ Escola

A política de calidade do centro deriva da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade no ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para conseguir a satisfacción das expectativas formativas das súas persoas egresadas e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran.

Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices fixadas Así establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

Eixos estratéxicos	**Liña estratéxica**
Formación	Exemplo: Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións en consonancia cos fins da Universidade de Vigo .
Investigación	
Persoas	Exemplo: Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro
Organización e recursos	
Relación coa sociedade	Exemplo: Integrar a contorna tanto a través das institucións e empresas como a nivel social.

A* ter *en conta para a definición da política de calidade

1. Os eixos estratéxicos establecidos na táboa anterior son os recollidos no plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo. O plan estratéxico da Universidade de Vigo constitúe o punto de partida, o referente para desenvolver o programa estratéxico do centro. Este último é a concreción no centro na estratexia institucional, atendendo a súa particular situación e a s súas especificidades.
2. As liñas estratéxicas xerais que constitúen a política deben estar aliñadas cos obxectivos e metas de calidade que se formalicen.
3. Supoñen unha declaración xeral de intencións polo que debe ser ratificada polos órganos de decisión do centro.
4. As liñas establecidas supoñen un compromiso do centro cara á súa consecución (concreta en obxectivos e metas).
5. As liñas deben contemplar ao centro no seu conxunto e buscar un enfoque multidimensional que contemple a todos os grupos de interese.

Para formalizar o seu compromiso coa calidade a excelencia e a mellora e como garantía para o desenvolvemento da política de calidade establecida Facultade/Escola acorda establecer os seguintes obxectivos e metas de calidade :

Táboa de Exemplo:

Eixos estratéxicos	***Obxectivo estratéxico institucional***	***Liña estratéxica do centro***	***Obxectivos de Calidade do centro***	***Procedementos do SGC asociados***	***Indicadores***	***Meta curso X ao curso X***
Formación	**Obxectivo 1.** Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna	Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo	Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos mais relevantes manténdoos baixo umbrais apropiados x x	DO-0102- Seguimento e mellora das tiulacións DE-02 Seguimento e medición DE-03 Revisión dos sistema pola dirección	Taxa de abandono Taxa de graduación Taxa de rendemento	Grao: x Mestrado Grao: x Mestrado Grao Mestrado
Investigación	x	x	x	x	x	x
Persoas	**Obxectivo 24.** Coidar o	Desenvolver mecanismos que permitan atender ás	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese		Grao de satisfacción do alumnado Grado de satisfacción das persoas tituladas	Grao: Mestrado: Grao: Mestrado

	desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria	necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro	x	MC-05 Medición da satisfacción dos grupos de interese	Grao de satisfacción do profesorado Grao de satisfacción do PAS Grao de satisfacción coas entidades empregadoras	Grao: Mestrado Grao Mestrado Grao: Mestrado
Organización e recursos						
Relación coa sociedade						

A ter en conta para a definición dos obxectivos de calidade

1. As liñas estratéxicas xerais que constitúen a política deben estar aliñadas cos obxectivos e metas de calidade que se formalicen.
2. Preséntanse como exemplo dous obxectivos xerais comúns a tódolos centros/ titulacións da Universidade de Vigo que deben ser completados cos específicos de cada centro tendo en conta a estratexia definida (resultados, expectativas, necesidades, e outros).
3. Debe indicarse claramente o prazo no que se prevé acadar a meta fixada.
4. Os obxectivos /metas deberán ser analizadas anualmente, e actualizadas se fose preciso.
5. As metas cuantitativas deben expresarse con valores concretos ou mediante intervalos de valores.
6. As metas deben ser realistas, pero deben supoñer un reto (orientadas sempre cara á mellora continua e a excelencia).
7. Deben referirse a os graos e mestrados do centro de forma separada cando sexa preciso (atendendo ás súas particulares características ou situacións)
8. Deben ser validados pola Comisión de Calidade e aprobados pola Xunta de Centro.